

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

CÉDULA do 3 de decembro de 2025 pola que se anuncia a incoación de expediente para a venda directa de embarcación de nome El Jatavi incautada por Portos de Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e en aplicación do Acordo emitido pola Presidencia o 22 de abril de 2024, anúnciase mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web <https://portosdegalicia.gal>, sección comunicacións e avisos, epígrafe alleamento de embarcacións, o inicio de expediente para a venda directa da embarcación *El Jatavi* con matrícula 7ª-CO-1-77-07 incautada por Portos de Galicia e varada na actualidade no porto de Tragove (Cambados).

O acordo de incoación, as bases aplicables cos seus anexos que informan sobre a forma de presentación de ofertas e a taxación da embarcación poderán ser consultados e descargados a través da páxina web <https://portosdegalicia.gal>, sección comunicacións e avisos, epígrafe alleamento de embarcacións.

O prazo máximo para presentar proposicións de compra será de 10 días hábiles contados desde a publicación do presente anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2025

José Antonio Álvarez Vidal
Presidente de Portos de Galicia

CVE-DOG: kr9yv1x7-dad1-leq5-cl24-pzapek7ad428

